

**DOCUMENTACIÓN AXUDAS MATERIAL E COMEDOR ESCOLARES**  
**CURSO 2021-2022**

**1. Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar** ou fotocopia do libro de familia, na que consten tódolos membros.

**2. Acreditación da capacidade económica:** existen varias fórmulas segundo as circunstancias familiares:

i. Fotocopia da declaración da renda das persoas físicas do **ano 2019**. No caso de non estar obrigado pola Axencia Tributaria a presentala, deberase achegar certificación da AEAT.

Os solicitantes que o desexen poderán autorizar ao Concello de Noia a solicitar ante a AEAT os datos relativos ao imposto sobre a renda das persoas físicas, na propia solicitude.

ii. Para os casos nos que non exista a obriga de presentación da declaración da renda, os ingresos anuais poderanse xustificar mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos, sempre referidos ao **exercicio 2019**:

- Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego.
- Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.
- Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social de minusválidos.

iii. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentara un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da capacidade económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ao exercicio 2020, así coma a correspondente ao 2019 (coa finalidade de acreditar o deterioro). Así mesmo, deberán acreditar documentalmente o motivo do deterioro económico (despido, liquidación empresarial, etc.).

**É obrigada a acreditación dos ingresos ou da súa inexistencia**, ben mediante a documentación antes citada ou mediante o correspondente informe sociofamiliar, de tódolos membros que formen a unidade familiar.

**Prazo presentación Solicitude : do 17 de xuño ao 7 de xullo, ambos incluídos.**

**Deberán conservar o número de rexistro de entrada que se lle asigna á solicitude** para saber se son ou non beneficiarios das axudas solicitadas, posto que dito número será o que se publicará na resolución provisional e na resolución definitiva da concesión das axudas para o financiamento de material e comedor escolar. As resolucións serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Noia.